



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa  
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD75PRO01



---

## PROGRAMACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DO OÍDO MUSICAL

CURSO 2023 - 2024

Carmen Pazos Sánchez



## ÍNDICE

---

<b>1.</b>	<b><u>Introdución</u></b> .....	<b>3</b>
<b>2.</b>	<b><u>Obxectivos específicos</u></b> .....	<b>5</b>
<b>3.</b>	<b><u>Contidos específicos</u></b> .....	<b>6</b>
<b>4.</b>	<b><u>Avaliación</u></b> .....	<b>6</b>
	4.1. <u>Criterios de avaliación</u> .....	6
	4.2. <u>Procedementos de Avaliación</u> .....	7
	4.3. <u>Criterios de cualificación</u> .....	8
	4.4. <u>Recursos didácticos</u> .....	9
<b>5.</b>	<b><u>Metodoloxía</u></b> .....	<b>10</b>
	5.1. <u>Metodoloxía</u> .....	10
	5.2. <u>Recursos espaciais e materiais</u> .....	10
<b>6.</b>	<b><u>Atención á diversidade</u></b> .....	<b>10</b>
<b>7.</b>	<b><u>Temas transversais</u></b> .....	<b>11</b>
<b>8.</b>	<b><u>Actividades culturais e de promoción das ensinanzas</u></b> .....	<b>13</b>
<b>9.</b>	<b><u>Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica</u></b> .....	<b>13</b>
<b>10.</b>	<b><u>Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento</u></b> .....	<b>13</b>



## 1. Introducción

---

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A finalidade do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música, desenvolvidos no posterior decreto de 27 de setembro.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

A audición é un dos contidos centrais da ensinanza musical. O desenvolvemento do oído musical en todas as súas facetas de discernimento (alturas absolutas e relativas, intervalos, duracións, rítmica, articulación, harmonía, tímbrica, textura, estrutura, etc....) representa o centro de gravidade da educación musical en xeral, por iso, o entramento auditivo debe ser unha prioridade para un estudante de música xa que é o son a materia prima coa cal se elabora a música e supón a base de todos os procesos pedagóxicos neste sentido.

No grao profesional, despois do 2º curso queda un baleiro con respecto á educación auditiva e entramento do oído, aínda que é verdade que nas materias de harmonía e análise trabállase o oído harmónico pero non se pode profundizar moito debido a amplitude de contidos a tratar nas mesmas.

Esta materia centrarase no desenvolvemento do oído musical a través dos seguintes aspectos:

1. Entoación repentizada de obras ou fragmentos a unha ou varias voces
2. Análise auditiva dos distintos parámetros musicais.

3. Identificación auditiva de intervalos, acordes, tonalidades e escalas.
4. Ditado melódico - rítmico a unha voz.
5. Ditado polifónico.
6. Ditado harmónico.

Todos estes aspectos son fundamentais no desenvolvemento continuo do oído dun músico, independentemente da súa especialidade, xa que son a base dunha comprensión profunda da música necesaria na formación dun músico profesional.

### 1.1 A quen vai dirixida

En xeral, vai dirixida a todos os interesados en desenvolver o seu oído interno e a súa voz como elementos imprescindibles para o músico, xa sexa para exercer a pedagogía musical, para o compositor, para o director de orquestra ou coro e para os instrumentistas en xeral.

### 1.2 Coñecementos previos

Os alumnos e alumnas deberán ter asentadas as bases de entrenamiento auditivo traballadas no último curso de Linguaxe Musical de 2º GP, así como os coñecemento harmónicos, históricos e de análise musical traballados ao longo do Grao Profesional.

### 1.3 Relacións cos estudos de Réxime Xeral

No curso 6º de GP xa hai moitos alumnos que remataron a Ensinanza Obrigatoria e o Bacharelato polo que dispoñen de máis tempo para adicarlle ós estudos no Conservatorio.

No caso de estaren escolarizados teñen a opción do Bacharelato Musical que facilita a compatibilidade de horarios e a posibilidade de convalidación dalgunhas materias.

### 1.4 Relacións interdisciplinares

<b>INSTRUMENTO</b>	O entrenamiento do oído favorece a afinación e desenrolo do oído interno
<b>ANÁLISE</b>	Resulta de gran axuda para a escoita interna de audicións e o recoñecemento de estruturas harmónicas e cadenciais.
<b>MÚSICA DE CÁMARA</b>	O entrenamiento do oído harmónico e polifónico facilita a labor de tocar nunha pequena formación aprendendo a escoitar outras voces ou partes.



<b>CORO</b>	Resulta fundamental unha correcta emisión de voz para o canto en grupo e o maior entrenamento do oído favorece a afinación propia e a escoita activa das partes.
<b>ORQUESTRA</b>	A concentración, a escoita interna da parte propia e a externa das outras partes axuda ó resultado do conxunto así como a importancia da parte tímbrica.
<b>ITINERARIOS</b>	En xeral, resulta de gran axuda en calquera itinerario

## 2. Obxectivos específicos

- Desenvolver a imaxinación auditiva (oído interno).
- Potenciar a capacidade de memoria musical.
- Relacionar os diferentes parámetros da música coa súa representación gráfica.
- Dominar a escoita activa e reflexiva a través da concentración.
- Saber reproducir vocalmente o suxerido pola imaxinación sonora tras a lectura da partitura.
  - Representar graficamente fragmentos musicais escoitados: monódicos, harmónicos e polifónicos.
    - Analizar mediante a escoita a forma, melodía, ritmo e métrica, escalas, cadencias, tonalidade e modulacións, progresións, timbres instrumentais e vocais, textura, tipos de acordes, funcións harmónicas e relacións texto - música..
      - Profundizar na técnica respiratoria e de emisión e expresión vocal.
      - Sensibilizarse ante o silencio non só como elemento constitutivo do fluxo musical senon tamén como condición indispensable para a concentración e o estudo.
      - Desenvolver o interese polo proceso creativo a través da propia experiencia auditiva.
      - Identificar a través da audición os diferentes tipos de intervalos, acordes e tonalidades así como procesos harmónicos sinxelos.



### 3. Contidos específicos

---

- Identificación auditiva tonal e modal, incluíndo tódalas tonalidades maiores e menores.
- Análise auditiva dunha obra ou fragmento de elementos e estruturas formais, melodía, ritmo, escalas, cadencias, tonalidade e modulacións, progresións, instrumentación, textura, tipos de acordes, funcións harmónicas e relación texto - música.
- Reproducción escrita de fragmentos escoitados en nivel de progresiva dificultade: ditados rítmico - melódicos a unha voz, dúas e tres voces e ditados harmónicos.
- Uso da propia voz para acadar o dominio do oído interior empregando unha relaxación, respiración, emisión, articulación e expresión axeitadas á obra.
- Práctica da entoación a primeira vista nun contexto tonal a unha ou varias voces, con e sen acompañamento.
- Entoación e recoñecemento auditivo de intervalos (2ª, 3ª, 6ª e 7ª maiores e menores, 4ª, 5ª e 8ª xustas, 4ª aumentada e 5ª diminuída), acordes tríadas (maiores, menores, aumentados e diminuídos) e os sete tipos de acordes cuatrías.
- Identificación auditiva de secuencias harmónicas como elemento estrutural da música tonal, incluíndo os principais tipos de cadencias.
- Práctica da entoación interválica nun contexto tonal e atonal

### 4. Avaliación

---

#### 1. Criterios de avaliación

- Realizar ditados melódico-rítmicos, polifónicos e harmónicos, determinando por medio da grafía os seguintes elementos separadamente e de forma combinada, segundo o caso: melodías a unha voz, fragmentos melódicos polifónicos a dúas e tres voces, e sucesión de acordes en estruturas harmónicas non complexas.

O obxectivo de este criterio é constatar a habilidade do alumnado para discernir e escribir movementos melódicos (a unha, dúas e tres voces), e movementos harmónicos para comprobar que o alumnado acadou a comprensión harmónica por medio da escoita activa.



- Recoñecemento auditivo de tódalas tonalidades maiores e menores, escalas e os principais tipos de cadencias.

O obxectivo deste criterio é comprobar a capacidade do alumnado para distinguir auditivamente os distintos elementos do entramado musical.

- Entoar obras ou fragmentos vocais con e sen acompañamento.

O obxectivo deste criterio é determinar que o alumnado ten desenvolvido suficientemente o oído interno e comprobar que os alumnos están en posesión dunha técnica vocal suficiente que lle permita unha autonomía na aprendizaxe musical.

- Identificar auditivamente os diferentes tipos de intervalos (maiores, menores, xustos incluíndo a 4ª A e 5ª D) e acordes (tríadas e cuatríadas).

O obxectivo deste criterio é comprobar que os alumnos teñen asimilado os diferentes tipos de intervalos que conforman as melodías e fragmentos musicais así como os distintos tipos de acordes presentes na música tonal que nos rodea e da que partimos nas ensinanzas musicais.

## **2. Procedementos de Avaliación**

A avaliación neste curso de Grao Profesional levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo. O profesor avaliará tanto a aprendizaxe dos alumnos /as como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente. A avaliación da aprendizaxe dos alumnos será continua, cualitativa e integradora, aínda que diferenciada segundo as materias do currículo e basearase na observación sistemática das experiencias na aula, que darán lugar a anotacións rexistradas no caderno do profesor, para un mellor seguimento da evolución individual dos alumnos e alumnas.

Procederáse a principio de curso a realizar unha avaliación inicial para determinar o punto de partida sobre o cal proceder a unha actuación específica para cada alumno.

Como a avaliación é continua, procederase a facer a avaliación procesual coa axuda das anotacións rexistradas no Caderno do Profesor, que farán un seguimento da asistencia a clase, a progresiva asimilación dos contidos do curso, a participación nas diferentes actividades e a realización dos diferentes traballos plantexados na aula.

A avaliación final farase tendo en conta a consecución dos obxectivos para este curso. Aqueles alumnos que non acadasen os obxectivos na avaliación final de xuño terán a oportunidade de amosar ante o seu profesor o grao de consecución dos mesmos na convocatoria extraordinaria de xuño.

### **3. Criterios de cualificación**

En vista a unha cualificación obxectiva para o cálculo da nota final desta materia imos definir catro áreas de coñecemento, asignándolles a cada unha unha porcentaxe. Con este fin relacionaremos as devanditas catro áreas cos criterios de avaliación establecidos:

- Realización de ditados melódico - rítmicos a unha voz, ditados polifónicos (a dúas e tres voces) e de ditados harmónicos.
- Recoñecemento auditivo de tódalas tonalidades maiores e menores e os principais tipos de cadencias.
- Repentización entoada dunha obra ou fragmento vocal.
- Identificación auditiva dos intervalos maiores, menores e xustos (incluíndo 4ª A e 5ª D) e os acordes tríadas e cuatríadas traballados.

Os mínimos esixibles estarán en concordancia cós contidos e obxectivos fixados na programación do curso correspondente (véxase o apartado 3: Programacións de curso). En todo caso, para aprobar a materia deberase alcanzar un mínimo dun cinco ou superior, como queda reflectido no apartado dos criterios de cualificación.

As porcentaxes nas distintas áreas de coñecemento aplicaranse a partir dos resultados obtidos nas probas correspondentes a cada avaliación máis as evidencias recollidas no caderno do profesor na súa observación na aula. A cualificación obtida con decimais redondearase ao número enteiro superior ou inferior.

<b>DESENVOLVEMENTO DO OÍDO MUSICAL</b>				
<b>CONVOCATORIA ORDINARIA (MAIO)</b>				
DITADOS	ENTOACIÓN	INTERVALOS- ACORDES	TONALIDADES- CADENCIAS	ACTITUDE
30 %	20 %	20 %	20 %	10%





DESENVOLVEMENTO DO OÍDO MUSICAL CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA (XUÑO)			
DITADOS	ENTONACIÓN	INTERVALOS-ACORDES	TONALIDADES- CADENCIAS
40 %	20 %	20 %	20%

#### 4. Recursos didácticos

- Armentero, Eduardo (2002). *A través de las escalas. Nivel 4º y 5º curso..* Musicinco S.A.
- Balo, M. y Ponce, L. (2018). *Dictados musicales a 2 voces con timbres reales.* Ed. Dos Acordes.
- Barrio, A. *Tratado de Entonación.* Real Musical.
- Cañada, P., López, A. y Molina, E. *Cuadernos de audición 5 y 6.* Enclave Creativa.
- De la Vega, P. y García, A. *Dictados musicales 1º y 2º Profesional.* Ediciones Si bemol.
- Fernández-Vega, A (2015). *45 dictados de autor a dos voces 1º Enseñanzas Profesionales.* Música Omnia Ediciones.
- García, J., Iglesias, J., Robles, G. *Lenguaje Musical Melódico V. 1º GP.* Ediciones Si bemol S.L.
- Ibáñez, A. y D. Cursá (2006). *Cuadernos de Audición Grado medio 1-2-3-4.* Real Musical.
- L. de Arenosa, E. *Dictados a 2 voces. Niveles 1 y 2.* Real Musical.
- López de Arenosa, E. *Lenguaje Musical 2.* Real Musical.
- Programas de Entrenamiento auditivo: Lenmus e Earmasterpro 5.0.
- Sierra, F. *15 lecciones de solfeo interválico. Nivel medio y superior.* Real Musical, Madrid.
- Sierra, F. (1987). *Lecciones de entonación 3, 4 y 5.* Real Musical, Madrid.
- Sierra, F. *Dictados armónicos a 3 voces. Vol. I y II.* Ediciones Si bemol.
- Zamorano, A. *Nuevos dictados progresivos. 5º e 6º Grado medio.* Mundimúsica Ediciones.



## 5. Metodoloxía

---

### 1. Metodoloxía

A metodoloxía empregada na clase será por unha banda o traballo en grupo, a través da análise auditiva dos elementos traballados, da realización de ditados (rítmico-melódicos, polifónicos a dúas e tres voces e harmónicos), da identificación auditiva de intervalos, tonalidades, escalas, cadencias e acordes, e da entoación a unha ou varias voces; por outra banda, o traballo individual de cada alumno na memorización de obras e no traballo sistemático de todos os aspectos traballados na aula de cara ao desenvolvemento do propio oído, indispensable para a súa evolución como músico.

É, por iso, fundamental que o alumno se implique de forma autónoma na consecución dos obxectivos, xa que coñece moi de preto os aspectos nos que debe incidir especialmente para solventar posibles carencias.

### 2. Recursos espaciais e materiais

Aula con espacio suficiente có material necesario para o traballo desta materia, dotada con piano, metrónomo, pizarra, equipo de música, ordenador, sen ruidos cercanos que favoreza o silencio e a concentración.

Con respecto ó tempo as clases terán unha duración dunha hora semanal en grupos reducidos.

## 6. Atención á diversidade

---

No noso sistema educativo debemos arbitrar as medidas necesarias para garantir aos alumnos o desenvolvemento pleno das súas capacidades e o logro dos obxectivos educativos. Enténdese por alumnos que presentan necesidades educativas especiais, aos que requiren, por un período ou ao longo de toda a súa escolarización, apoios e atencións educativas específicas.

#### - **Alumnado estranxeiro:**

Os problemas máis habituais na docencia impartida a alumnos estranxeiros residen na incomprensión do idioma e nas tradicións propias da súa cultura, que poden acarrear un problema de integración. Debido ao carácter procedimental da nosa ensinanza, o idioma non supón un gran obstáculo. Así como os coñecementos da cultura musical propia de seu país, poden favorecer unha vía de comunicación e integración entre o alumno e o profesor,

e a súa integración con outros compañeiros.

- **Superdotación intelectual:**

O Real Decreto 943/2003 xa regula as condicións para flexibilizar a duración de diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente: é dicir, aqueles alumnos cunhas aptitudes excepcionais, e por iso, capaces dun rendimento superior á media poderían incorporarse a un curso superior ao que lle correspondería pola súa idade.

Debemos distinguir entre a superdotación intelectual e o talento dun alumno que amose aptitudes excepcionais para unha faceta artística ou cognoscitiva. Así que, xunto ás necesidades educativas por superdotación intelectual, temos que engadir a dos alumnos cun gran talento musical, con actividades de ampliación (de maior dificultad que as previstas para o seu curso), de tal maneira que poida rendir segundo as súas capacidades.

- **Alumnado con necesidades educativas especiais:**

Na nosa docencia constarán todas as medidas oportunas pertinentes para o desenrolo musical do noso alumnado, tendo presente as súas discapacidades e adaptándose os recursos materiais (disposición da aula, ou recursos materiais), ou certos elementos do currículo, é dicir; unha adaptación curricular: reformulación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación...debendo respectar no esencial os obxectivos establecidos segundo os decretos para a ordenación das ensinanzas de réxime especial de Música.

## 7. Temas transversais

---

### 7.1 Educación en valores

Como toda ensinanza educativa na nosa programación atenderemos a temas que afectan aos individuos deste século XXI. Sinalamos aqueles aspectos da Educación en Valores que máis inciden directamente na nosa materia.

- **Educación ambiental:** será abordada a través do interese espertado polos estudos de contaminación acústica: fomentaremos a atención do propio alumnado á produción excesiva de ruidos no entorno e a atención ao silencio como marco imprescindible na execución e escoita musical.
- **Educación para a saúde:** a práctica musical realízase corporalmente, polo que axuda a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento.



Incidiremos na educación postural, adquisición dun correcto tono muscular, así como o aproveitamento da respiración. O coñecemento da voz e dos cambios que se producen nela é fundamental á hora de considerar a hixiene vocal.

- **Educación para a igualdade entre sexos.** Como punto de partida previo a toda actividade musical debemos ter presente o principio de integración, e o respecto mutuo a todos os integrantes na nosa actividade musical. Ademáis de abordar actividades concretas como o papel da muller na música.
- **Educación para a paz e a tolerancia,** inculcando o respecto cara as persoas do entorno inmediato, ou diferentes culturas do mundo tanto coa práctica instrumental como a audición activa de obras. A aceptación das regras de actuación, a ubicación no plano sonoro axeitado, a atención aos demais na práctica instrumental... implican un acatamento das normas, imprescindible á hora de considerar o desenvolvemento social do individuo.
- **Educación para o ocio,** achegando ao alumnado ás diferentes ofertas existentes con respecto a actividades musicais extraescolares, que favorezan un crecemento da súa sensibilidade musical, cultural e sentir estético.
- **Educación do consumidor.** Resulta imprescindible desenvolver no alumnado unha actitude crítica ante o fenómeno musical, considerando a forte presión exercida na sociedade polos medios de comunicación.
- **Educación moral e cívica.** A música amosou a súa relación coa sociedade ao longo do tempo, polo que a súa contribución á educación cívica aparece como unha constante en todas as épocas. Ademáis, este transversal debe estar presente referido aos compañeiros, ao material da aula e ao profesor

## 7.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a Internet a disposición de profesores e alumnos. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. A biblioteca - fonoteca - videoteca do centro convértese no lugar máis axeitado para a obtención de información, deberemos animar e axudar aos alumnos a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que así o permitan.



### **7.3 Fomento da lectura**

Enfocaremos o fomento da lectura en dúas vertentes: por unha banda, a literatura musical, procurando que os alumnos teñan acceso a diversos autores e estilos e incentivando o seu interese por coñecelos; por outra banda ofreceremos acceso a publicacións especializadas na materia. Transversalmente fomentaremos a lectura en xeral e per se.

## **8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas**

---

Estas actividades estarán organizadas ou coordinadas polo centro, ou colaborando con outras entidades alleas, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: Cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fora do centro, etc.. O alumnado e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de toda a información pertinente. Nestas actividades, organizadas para incentivar ao alumnado e mellorar a súa educación, se resaltarán, ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

## **9. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica**

---

Mensualmente se valorará e revisará o desenvolvemento e o resultado da programación didáctica. Nesta valoración incluíránse os obxetivos non acadados de cada curso e/ou grupo en función de cada docente.

## **10. Procedementos para realizar a avaliación interna departamento**

---

Ao remate de cada trimestre valorarase o funcionamento interno do departamento en función dos datos obxetivos recollidos polo mesmo. Cada departamento implementará o sistema máis axeitado para realizar dita valoración.

O profesorado poderá solicitar a colaboración doutros profesores do departamento co fin de optimizar a calidade de todo o proceso de avaliación, a mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe e a reflexión crítica sobre a práctica docente. En todo caso, a avaliación e a cualificación finais serán responsabilidade única do profesor/a encargado/a da materia..